

48 compromisos por Alfoz

Programa de governo
2019/2023



RÉXIME INTERIOR E PARTICIPACIÓN

- 1 Racionalización dos gastos municipais, centrando os esforzos en optimizar os servizos deficitarios e acadando a débeda cero.
- 2 Promover a agrupación con outros concellos para a realización de infraestruturas, a prestación de servizos, o desenvolvemento de programas e a solicitude de axudas a outras administracións.
- 3 Actualización detallada do **Inventario Municipal de Bens e Dereitos**, incluíndo fincas, vías, edificios e bens de carácter etnográfico.
- 4 Creación dun **Punto de Acceso á Administración Electrónica** no que se lle axude á veciñanza na realización de tramitacións telemáticas.
- 5 Creación do **Consello Veciñal de Alfoz**, como órgano de participación dos veciños e veciñas na planificación, control e seguimento da xestión municipal.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

- 6 Levar a cabo un programa de mantemento de **instalacións, edificios, espazos e maquinaria** de titularidade municipal, que permita a mellora da súa posta en uso e conservación.
- 7 Melloras nas captacións de auga e nas redes de abastecemento, que permitan o **incremento da calidade da auga de consumo**.
- 8 Redacción do proxecto e execución da **rede de saneamento das parroquias de Adelán e Lagoa**.
- 9 Execución das derivacións da rede de saneamento **pendentes** nas parroquias de Bacoi, Carballido, Castro de Ouro e Mor.
- 10 Redacción do proxecto e **execución da rede separativa de augas pluviais** un núcleo de A Seara, de forma que se evite a saturación da rede de fecais e se optimice o funcionamento da Edar.
- 11 Tramitar ante a Xunta de Galicia a realización do tramo da **senda peonil de Reirado a Ferreira** e solicitar á Deputación a construcción dunha nova **senda da Granda de San Pedro a Correlos**.
- 12 Esixir á Deputación Provincial de Lugo a **mellora na conservación dos 60 km de vias de titularidade provincial**, e en especial a execución das obras de **ensanchamento e mellora das pontes** de Centoi e Bao na LU-P-0207, de Santa Mariña na LU-P-0207 e de Pías na LU-P-0211.
- 13 Levar a cabo un **programa de conservación e mantemento de vias municipais** de acceso a barrios e de pistas agrarias e forestais.

14 Mellora e mantemento de beirarúas na zona de A Seara, para convertelas espazos peónis accesibles e adecuados para as persoas con mobilidade reducida.

15 Posta en marcha dun **Plan de Sinalización de Vías** que identifiquen de forma efectiva os diferentes barrios e os puntos de interese.

SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS

- 16 Promover a **creación dunha residencia e un centro de día**, mellorando a conciliación familiar e o coidado dos nosos maiores e dependentes.
- 17 Impulsar un **incremento no número de horas do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)**, tanto de libre concorrenza como de dependencia, que permita reducir as listaxes de agarda.
- 18 Solicitar ao Sergas, en conxunto cos outros concellos afectados, unha **nova praza de pediatra** para cubrir de forma máis eficiente este servizo.
- 19 Creación dunha **aula interxeneracional**, que permita a transmisión de coñecementos a través de programas de educación, diversidade funcional e integración interxeneracional.

URBANISMO E VIVENDA

- 20 Impulsar a tramitación do **Plan Básico Municipal**, por parte da Dirección Xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio, que permita a delimitación dos núcleos rurais e do solo urbano, dotando ao concello do necesario solo de uso residencial.
- 21 Redacción dos correspondentes plans especiais que teñan por obxecto a execución de actuacións públicas para crear **solo urbano con destino a usos industriais ou terciarios, e á construcción de vivendas de promoción pública**.
- 22 Promover a **construcción de vivendas sociais**, mediante convenios de cesión de terreos ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, así como a cooperativas de vivenda, fomentando o acceso á vivenda dos veciños e veciñas de Alfoz.
- 23 Creación dun **Banco Municipal de Vivendas Baleiras**, de réxime libre e titularidade privada, que permita a comunicación entre os propietarios de inmobles baleiros cos demandantes de vivenda.
- 24 Redacción dun **Plan especial de protección** coa intención de preservar o patrimonio cultural no **conxunto histórico do Castro de Ouro** que permita promover a declaración dunha Área de Rehabilitación Integral (ARI).

MEDIO RURAL

- 25 Esixir á Xunta de Galicia o remate da **concentración parcelaria** que permita a entrega de títulos aos seus propietarios.
- 26 Realización dun **plan de formación e emprego para o desenvolvemento de proxectos innovadores no sector primario**, como por exemplo a hortofruticultura, o aproveitamento da resina, os sistemas silvopastorais, ou o aproveitamento da biomasa, entre outros.
- 27 Creación dunha **marca de calidade para os produtos hortifructícolas** que se cultivan no concello de Alfoz, axudando aos produtores na comercialización dos seus produtos e aportando seguridade e confianza aos consumidores.
- 28 Creación do **Banco de Terras Agrícolas de Alfoz**, coa finalidade de mitigar o fenómeno do abandono das terras, que permita a comunicación entre os propietarios de fincas en desuso cos demandantes de terras.

EMPREGO, COMERCIO, INDUSTRIA E TURISMO

- 29 Apoio ao comercio, á hostalaría e á industria local mediante iniciativas de formación, información e promoción das empresas locais, potenciando a iniciativa emprendedora e a continuidade empresarial.
- 30 Creación dunha **bolsa de emprego municipal** en combinación co servizo de orientación laboral, busca de emprego e emprendemento.
- 31 Creación dun **plan de emprego municipal** que incentive a contratación de persoas paradas censadas en Alfoz, por parte das empresas locais.
- 32 Potenciar a **dinamización e promoción turística** a través da Oficina Municipal de Turismo, inventariando os recursos turísticos, elaborando o material necesario para a súa difusión e mellorando as infraestruturas turísticas.
- 33 Solicitar a **declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia do Mercado Medieval de Alfoz**, servindo de estímulo para a mellora do evento e coa intención de optar a axudas destinadas a este tipo de celebracións.
- 34 Creación no Castelo do Castrodouro dun **Centro de Interpretación do Mariscal Pardo de Cela**, realizando a exposición permanente de reproduccións de material e documentos sobre o Mariscal e sobre as fortificacións medievais de Galicia.

MEDIO AMBIENTE

35 Intensificar a conservación e coidado dos espazos verdes do concello e continuación do trazado e mellora de sendas.



1 XABIER PARDIÑAS SUÁREZ



2 CARMEN GEADA MASEDA



3 ELISEO LORENZO GARCÍA

36 Desenvolver un programa de incentivos para a plantación de árbores autóctonas, promovendo o seu uso nas faixas de protección de edificacións e infraestruturas.



4 EFIGENIA MASEDA PAZ



5 PABLO MASEDA RUBAL



6 FERNANDA CASABELLA MÉNDEZ

37 Realizar o mantemento e conservación dos nosos ecosistemas fluviais, mediante a limpeza de ríos e humedais e a repoboación de árbores de ribeira.

38 Posta en valor e recuperación da zona das Lagoas de Santa Mariña, de gran valor ecológico e ornitológico.

39 Construcción de depósitos de auga, para defensa contra incendios forestais, en Piás (Adelán), na Frouseira (Carballido) e naqueles lugares de maior risco de incendios, acondicionando os seus accesos.

40 Levar a cabo un programa posta en valor de fontes e lavadoiros, procedendo á súa catalogación, limpeza e reparación nos casos que sexa necesario.

41 Desenvolver medidas de aforro enerxético nos edificios públicos mediante a implantación de enerxías renovables, conseguindo unha maior eficiencia, un menor consumo e a redución de emisións.

42 Mellorar a prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, implantando un calendario de rutas e horarios de recollida, así como campañas de información, que permitan aos usuarios correcta utilización dos colectores.

43 Posta en marcha dun programa de compostaxe doméstico e comunitario que nos permita xestionar os restos de xardíns e podas.

EDUCACIÓN, XUVENTUDE, CULTURA E DEPORTE

44 Defensa do ensino público, esixindo que se garanta a educación infantil, primaria e secundaria no concello e propoñendo a creación dun Centro Público Integrado, optimizando o servizo de transporte escolar, permitindo ampliar o servizo de comedor e as actividades extraescolares ata os 16 anos, contribuindo á mellora da conciliación familiar.



51 MARCOS MARRUBE GARCÍA



52 BLANCA PÉRTEGA MASEDA



53 DANIEL PÉREZ PARDIÑAS

45 Promover axudas para a adquisición de libros de texto para o alumnado dos centros de Alfoz de infantil, primaria e secundaria obligatoria.



54 MARY LUZ DORADO EIJO



55 JORDI MELIÁN PAGÈS



56 ANGELES FERREIRO MANCÍNEIRAS

46 Promover axudas para transporte tanto para o alumnado de centros públicos de BAC e FP, como para o das universidades públicas.

47 Apoio ao tecido asociativo de Alfoz, mediante a concesión de axudas, e o asesoramento nos trámites ante a administración.

48 Reestruturação das escolas deportivas e das actividades extraescolares municipais, en colaboración cos clubs deportivos e asociacións locais, mellorando os programas ofertados.

VOTA



somos a túa
elección



somos a túa
elección